

A mensaxe nacionalista de Ramón Otero Pedraio



Ramón Otero Pedraio publica o artigo “Encol d’un mensaxe” no número 502 de *A Nosa Terra*, en Bos Aires, en maio de 1959. “Encol d’un mensaxe” defende o Consello de Galiza pois para Otero Pedraio quen escribira o artigo que criticaba a mensaxe de Antón Alonso Ríos “non ten autoridade política nin intelectual pra enxuciar o mensaxe do segredario do Consello de Galicia, Antón Alonso Ríos”.

Aparece na páxina sete xunto co poema “A fouce esquecida” de Ramón Cabanillas, no apartado de “Nosos poetas”; e “O idioma galego e a hispanidade”, do *Sempre en Galiza* de Castelao. “Encol d’un mensaxe” é unha resposta a un artigo no que se criticaba a mensaxe que Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza, publicara con motivo do aninovo, que se reproduce neste número de *A Nosa Terra*.

Asina este artigo co pseudónimo de Adrián Silva, protagonista da novela *La vocación de Adrián Silva*, que publicara en 1949. Emprega un pseudónimo porque defender a autodeterminación de Galiza, aínda que fose en Bos Aires, podía suporlle graves consecuencias. Este artigo pódese relacionar polo estilo a temática e mesmo na literalidade con outros artigos anteriores a 1936 como “Nazionalismo e federalismo”, “A nosa política”, ou “O camiño redimido”.

No exilio, en 1944, créase o Consello de Galiza para que Galiza

contase cun goberno propio. Nun principio, estaba formado polos deputados do Partido Galeguista: Castelao, que era o presidente, Suárez Picallo e Alonso Ríos; e dous deputados de Izquierda Republicana: Elpidio Villaverde e Alfredo Somoza. Despois sumáronse Emilio González López e Edmundo Lorenzo. Neste mesmo ano Castelao recuperará as relacións con vascos e cataláns a través de Galeuzca.

A creación do Consello de Galiza supuxo un enfrontamento entre Castelao e Ramón Piñeiro. Castelao consideraba necesaria esta institución para que Galiza tivese un órgano representativo na volta á legalidade republicana que en 1944, co inminente remate da II Guerra mundial, parecía próxima. A importancia da existencia do Consello de Galiza farase evidente na transición nas dificultades que tivo Galiza para ser recoñecida como nación ao non contar cun organismo como o Consello de Galiza.

MÓNICA PAZOS MARTÍNEZ

Licenciada en Filoloxía Galega e

Filoloxía Románica. Profesora de

Lingua Galega e Literatura no ensino

secundario. Coeditora do libro “Cartas á

nai” de Ramón Otero Pedraio



As diferenzas en relación co Consello de Galiza entre Castelao e Piñeiro son discrepancias ideolóxicas. Castelao representa a continuidade do proxecto nacionalista do Partido Galeguista e Piñeiro a renuncia ao pasado nacionalista. O enfrontamento chega a que Ramón Piñeiro considere ilexítima esta institución e inclusive negue a súa existencia.

Despois de centrar a mensaxe deste artigo no Consello de Galiza, Ramón Otero Pedraio asocia o movemento galeguista co Consello de Galiza á vez que el se inclúe co uso da primeira persoa de plural: "O que non di o mensaxe' é precisamente o que nós estamos dicindo a cada intre en conferencias, discursos, artigos periodísticos, assembleas, etc., etc., dende fai vinte anos. ¿Por qué repetilo de novo? Por ventura non se sabe cál é a posición do Movemento Galeguista con respecto aos problemas económicos e sociais que aferrollan á nosa terra?"

Otero Pedraio séntese parte dunha tradición nacionalista e por iso emprega como argumento "de moitas décadas atrás" ou "desde fai vinte anos" porque sabe cal é a posición do nacionalismo galego desde os momentos fundacionais e é coñecedor dos conflitos vividos tras a Guerra civil xa que mantivo un contacto permanente co nacionalismo do exilio, especialmente con Castelao.

A data e o título deste artigo son esclarecedores da posición do autor de Trasalba. Fai súas as posicións do presidente do Consello de Galiza e dálle carta de natureza á declaración do consello de 1958, cando este xa estaba a ser cuestionado dentro dos grupos exiliados e xa se tiña celebrado a xuntanza da Rosaleda. Porén, ten aínda máis importancia o propio título, na medida que asevera como súas a posición dos depositarios da legalidade galega no exilio.

Castelao nunha carta a Rodolfo Prada de 1947 sobre a situación do nacionalismo neses momentos nomea dúas veces a Otero Pedraio. A primeira, cando lle fala dunha carta

de Piñeiro: "A carta é moi garimosa (dime que os visitou o "Fidalgo de Trasalba" falándolles de min con moita emoción) e pode supoñer o efecto que me causaría a min"¹. A segunda, cando lle indica a Prada a importancia de que Otero Pedraio coñeza todo o que está a acontecer: "Cicáis vexa vostede a Ramón antes de saír este para Bos Aires. Entéreo de todo. Coído que debe andar con moito coidado si é que quer retornar. A época non é a que nos desexaríamos; pero de ningunha maneira debemos opoñernos á ida de Ramón a esa"².

Otero Pedraio viaxa en 1947 a Arxentina e Uruguai. É unha viaxe moi importante pois vai ver por primeira vez desde 1936 os exiliados e pode falar con liberdade. Vaise producir un contacto directo, sen intermediarios, pois debido á censura da ditadura había moitos problemas para a comunicación política. De todas as formas Ramón Otero Pedraio non é un descoñecido en América pois antes da súa viaxe publicou no exilio *Adolescencia*, *Las palmas del convento*, *Las ciudades gallegas* e *Historia universal de la cultura gallega*.

As expectativas e transcendencia desta viaxe no interior son grandes. Ramón Cabanillas, o 18 de marzo de 1947, escribelle: "Estou encantado de que vaias a Bos Aires. Até é cousa necesaria, pois ninguén como ti para poñelos ó tanto do que pasou, do que pasa e do que pode pasar na nosa Terra"³.

O encontro con Castelao vaise producir cando este chegue de París. Desde o barco envíalle unha carta na que di: "Eu levo moitas ganas de abrazarte, pois xa non teño esperanza de ver nunca máis a nosa Terra, e abrazarte a ti é abrazar a Galicia." A amizade entre eles é moi profunda

1 Carta de Castelao a Rodolfo Prada, en *Terra e tempo*, 137-140, 2006

2 Carta de Castelao a Rodolfo Prada, en *Terra e tempo*, 137-140, 2006

3 Rei, Luís: *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*, Galaxia, Vigo, 2009

ao compartiren as mesmas ideas: “Castelao e mais eu repousabamos un noutro coa enteira confianza dos nenos. Moitas veces entre nós un relixioso silencio nos xuntaba mais do que as millores falas”.⁴

Esta viaxe de Ramón Otero Pedraio permítelle coñecer a Castelao a realidade en Galiza como lle manifesta a Manuel de Irujo, o 6 de outubro de 1947: “Conozco perfectamente el estado actual de Galicia, tanto de sus organizaciones clandestinas como de su vida e inquietudes, pues no en vano ha venido a Buenos Aires quien podía enterarme a conciencia de todo ello”.⁵

Polos vieiros da saudade, crónica desta viaxe de Ramón Otero Pedraio, publicado en 1952, remata coas referencias a Castelao e a Galiza: “Soube-mos nós na Galicia, os primeiros, a nova da súa morte (...) Mais a nosa viaxe americana remata no adeus e bendición de Castelao, e nisa lembranza de non semellante fondura e gravidade pra nós remata ista crónica dunha viaxe, feita e cumprida coa soia arelanza e amor da Nosa Terra, e da nosa estirpe galega”.⁶

Ramón Otero Pedraio viaxará dúas veces máis á Galiza ideal. En 1956 viaxa a Caracas onde en 1958 o Centro Galego de Caracas, con motivo da súa xubilación, publica *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra: homenaxe da Galicia universal* como recoñecemento á súa traxectoria na defensa da cultura e identidade de Galiza.

En xullo de 1959, dous meses despois da publicación deste artigo, volve á Arxentina e Uruguai. A Galiza do exilio representa para el a esperanza e por iso mostra unha grande ilusión antes de realizar as viaxes e chega a afirmar nunha conferencia en Bos Aires que se considera un galego de Bos

Aires. Ramón Otero Pedraio para o exilio é a lealdade aos ideais. En 1956, no I Congreso da emigración galega, organizado polo Consello de Galiza, a breve e emotiva “Mensaxe do esgrevio dianteiro da cultura galega: don Ramón Otero Pedrayo”, segundo Lois Tobío, terá moita importancia.

“Encol d’un mensaxe” é moi clarificador respecto das diferenzas ideolóxicas entre o exilio e o interior. A postura dalgúns do interior, recollida en Nova orientación do galeguismo de Ramón Piñeiro, defende a superación do nacionalismo. Ramón Lugrís resume situación política dos anos 50: “Solucións hai dúas -solucións futuras, enténdese-. A extremista de romper todos os vencellos co Estado, e independizarse -cousa que desexan, segundo din, certos grupos de emigrados, e ti estás nun dos grupos-, procurando para Galicia un réxime que lle permita pactar libremente con quen lle pete. E outra máis moderada, que sería a de chegar a un entendemento cos outros pobos ibéricos, para organizáremos entre todos un Estado forte que salvagardase as peculiaridades dos seus integrantes.(...) Verás como a idea do “arredismo” é absurda. (...) esas formas políticas, baseadas no diálogo, chámanse *federalismo*”.⁷

A caricatura que Lugrís pretende facer do debate exilio/interior toma unha forma máis prosaica no mesmo texto cando continúa afirmando “é absolutamente preciso superar o nacionalismo”, propugna como alternativa o federalismo e vencella o futuro da identidade galego ao europeísmo que animaban os Estados Unidos e a democracia cristiá do continente

Estas ideas recóllense no informe que en 1957 lle entregan en Compostela aos representantes do exilio. Nesa reunión Manuel Gómez Román, Ramón Cabanillas e Ramón Otero Pedraio son utilizados para lexitimar a desaparición do Partido Galeguista. A

Otero Pedraio séntese parte dunha tradición nacionalista porque sabe cal é a posición do nacionalismo galego desde os momentos fundacionais e é coñecedor dos conflitos vividos tras a Guerra civil

4 Otero Pedraio, Ramón: *O libro dos amigos*, Galaxia, Vigo, 1997

5 Garrido Couceiro, X. C.: *Piñeiro contra Castelao, Castelao contra Piñeiro*, A Nosa Terra, Vigo, 2009

6 Otero Pedraio, Ramón: *Polos vieiros da saudade*, Galaxia, Vigo, 2001

7 Franco Grande, X. L.: *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Galaxia, Vigo, 2004

Encol d'un Mensaxe

No periódico Galicia, orgao da Federación de Sociedades Gallegas, pertencente ó mes de marzal d'este ano, insértase un artigo tituado "O que non dixo o mensaxe", firmado por un militante comunista hespañol moi vencellado aos militantes do Partido Comunista na dita Federación. O autor, ou pol-o menos o que o firma, José Domínguez, non ten autoridade política nin intelectual pra enxuciari o mensaxe do segredario do Consello de Galicia, Antón Alonso Ríos, dirixido á Nación galega co gallo de anonovo, que a prensa da colectividade publicou oportunamente e hoxe insertamos n'esta mesma edición de A NOSA TERRA. Se nos facemos eco da súa crítica é porque detrás d'él está o Partido Comunista.

"O que non di o mensaxe" é, precisamente, o que nós estamos dicindo a cada intre en conferencias, discursos, artigos periodísticos, asambleas, etc., etc. dende fai vinte anos. ¿Por qué repetilo de novo? Por ventura non se sabe cäl é a posición do Movemento Galeguista con respecto aos problemas económicos e sociaes que aferrollan á nosa terra? En verdade, o que lle doi ó devandito comunista é o tono autonomista do Mensaxe. O Partido Comunista hespañol é cerrilmente centralista; anque, as vegadas, nos seus escritos, discursos e acordos di ser "federalista", o seu inconsciente denúncialle a verdade dos seus sentimentos. Non leu o noso "paisano" Domínguez ben o Mensaxe, ou non o quixo entender. O vencello natural que debemos ter con Portugal, é o que se postula no mensaxe, tende xustamente a reincorporación de Portugal a un Estado hispano, integrado por as diversas nacionalidades en que está constituida a povoación peninsuar; e Galicia é a ponte que ten que servir -ha de servir- pra vencellar ao noble país irmán ao posible Estado ibérico. ¿Parécelle malo este concepto do mensaxe? -¡A nós, non! Hai moito tempo que está latente no noso patriótico movemento; non é d'agora, senón de moitas décadas atrás, cando aínda non eisistía o P. Comunista.

O Mensaxe de Alonso Ríos é dun contido substancial, é un verdadeiro documento orientador onde se afirma a nosa personalidade de povo diferenciado, con plea capacidade pra constituir unha verdadeira Nación independente; e asociada, si esa é a súa vontade, nunha comunidade ibérica de nacións:

"A esperencia histórica é aleccionadora n'este senso pra Galicia. Ela mostra sempre que ista libróu unha loita, foi implacablemente esmagallada pol-a reacción. Contrariamente, cando Galicia xuntou os seus esforzos ós demais povos de Hespaña, outivo éisitos", di o "camarada" Domínguez. Esto se chama sinxelamente, macanear. Galicia, pra súa desgracia estivo sempre amarrada a Hespaña; senón o estivera, sería hoxe unha nación independente a maneira de Portugal, Bélxica ou Dinamarca, e non tería que verse esmagada por unha Hespaña reaccionaria, fanática e incivil que "desprecia cuanto ignora" ao decir d'un poeta eminente; e iñora moito. Unida a Hespaña tuvo que loitar sola en todo intre, e senón vexamos: os mouros botounos ela sóia do seu territorio; os normandos, idem; os piratas turcos e berberiscos que durante o século XVII asolaron as costas de Galicia, tamén os botóu ela soia; e aínda hai máis, como Hespaña non tiña barcos d'abondo, os galegos xuntaron diñeiro pra mercalos ou facelos pol-a súa conta pra defender as súas costas e os seus portos; o diñeiro foi pra Madride, e até hoxe, nin cartos nin barcos. Coa invasión dos franceses de Napoleón ocorreu outro tanto; Galicia, desarmada, caeu en poder d'eles, e tiveron que os galegos solos botalos fora; e aínda aturar o terrible insulto oficial publicado na Gaceta, chamándolle a Galicia "País envilecido por excelencia" ate que, gracias a Wellingthon, que puxo aos galegos como exemplo de coraxe i heroísmo, textaros as insultantes verbas do xornal oficial do Estado hespañol, reitificando tardiamente o aldraxe.

Agora mesmo, con unha economía dirixida pol-o centralismo político, non se permite, ou non se dan facilidades para industrializar a nosa Patria, que é a que reúne as milloras condicións de toda a península pra elo. En troque instalaron novas fábricas en Madride, Toledo, Valladolid, Burgos, etc., carecendo estos sitios de condicións. Non teñen nin auga, pra enerxía hidráulica, nin ferro, nin carbón, nin leña, nin petróleo, sendo a fabricación de tales productos antieconómica, tendo que vivir d'unha grande protección do Estado, e levando da nosa Terra a enerxía eléctrica. Despóis de cornudos, apaleados, di o refrán. Gracias a Hespaña e os seus políticos, os galegos temos que emigrar pra non morrer de fame, mentres que os nosos minerais, ferro, wolfram, níquel, estaño, caolín, etc., etc., se exportan para Italia, Alemania, Francia, etc. O noso país coa súa abundante forza eléctrica sacada dos moitos ríos nosos, e cos minerais que atesoura os seu chao, poderíase facer unha mañífica industria, pesada e lixeira. Con elo evitaríamos esa doorosa corrente emigratoria da millor xente nosa, cuio beneficiario é o Estado hespañol que se apodera do diñeiro que os emigrados xiran pra manter as súas familias, convertíndoo en divisas fortes pra soste do maldito armatoste estatal hespañol. Sí pedimos o que é noso, con todo dereito, invéntannos un dito infamante: "A gallego pedidor, castellano negador". Non é cousa de Franco solamente, é do beber centralismo castelán, que ten medo que a hexemonía de Hespaña se lle vaia das mans. Agora, a un centralismo político e cultural, engádese o centralismo industrial... ¡E así está Hespaña! Pra nós igual e a monarquía, a República ou o falanxismo. A república do 31 a duras penas transixia con un vulgar federalismo, que non siquera chegaba autonomía das provincias arxentinas. Hai que ir directamente a autodeterminación das nacionalidades peninsuares, pra despóis, en plea igualdade de condicións, crear o Estado ibérico. Non queremos unha dáriba do Estado hespañol castelanizante, que hoxe a otorga e mañán a quita. O noso dereito de povo diferenciado é natural, non pode ser unha concesión, unha dáriba.

Pra entender estas cousas "camarada" Domínguez, hai que ter o sentimento patriótico desperto, sentirse fortemente vencellado ao grupo humano de onde un procede. As ideoloxías, non bastan. Poden servir hoxe, e mañán, non. A Patria e inmorrente i-está por riba de todas elas. E nós sentímonos fondamente patriotas, sin que esto siñifique, claro esta, desentendernos dos arduos problemas políticos, económicos e sociaes que aflixen á Patria.

Adrián Silva [Ramón Otero Pedraio]

súa presenza na Rosaleda non pode ser malinterpretada pois a súa opinión sobre o nacionalismo e o federalismo exprésaa con claridade neste artigo: "En verdade, o que lle doi ó devandito comunista é o tono autonomista do Mensaxe. O Partido Comunista hespañol é cerrilmente centralista; anque, as vegadas, nos seus escritos, discursos e acordos di ser "federalista", o seu inconsciente denúncialle a verdade dos seus sentimentos. (...) O Mensaxe de Alonso Ríos é dun contido substancial, é un verdadeiro documento orientador onde se afirma a nosa personalidade de povo diferenciado, con plea capacidade pra constituir unha verdadeira Nación independente; e asociada, si esa é a súa vontade, nunha comunidade ibérica de nacións. (...) Pra nós igual e a monarquía, a República ou o falanxismo. A república do 31 a duras penas transixia con un vulgar federalismo, que non siquera chegaba autonomía das provincias arxentinas. Hai que ir directamente a autodeterminación das nacionalidades peninsulares, pra despois, en plea igualdade de condicións, crear o Estado ibérico. Non queremos unha dáriba do Estado hespañol castellanizante, que hoxe a otorga e mañán a quita. O noso dereito de povo diferenciado é natural, non pode ser unha concesión, unha dáriba".

Máis explícito é aínda nun artigo, asinado en xullo de 1969, que ía ser publicado nun número da revista *Vieiros*, onde Otero, desta volta Solovio, afirma: "Non podemos nin por un instante en esquerer iste nome nazonalismo. Porque a moitos pon medo e porque hoxe todos se chaman federales".

A mensaxe de Otero Pedraio defende con claridade as ideas nacionalistas como antítese do federalismo, na medida que este ficaba no plano da descentralización administrativa e non partía da existencia de realidades nacionais como suxeitos depositarios de dereitos políticos. No interior son varios os testemuños que sinalan o afastamento de Otero das ideas de Piñeiro. A desaparición do Partido

Galeguista e a renuncia ás ideas nacionalistas contaba coa oposición dun sector importante.

Alguén tan pouco sospeitoso como Franco Grande ao lembrar a Otero Pedraio di: "Penso que don Ramón era nacionalista -non teño ningunha proba para negar que o fose-, pois do que non hai dúbida é de que nunca limitou en nada o herdo de Castelao. Por iso sumiu plenamente o pensamento e o exemplo de Daniel, identificándose con el misticamente. (...) Pero, con todo, o pensamento de don Ramón era máis afín ó nacionalismo que a calquera outra fórmula. Nunca se parara a pensar, como Lugrís ou eu mesmo, no federalismo ou nas 'comunidades básicas diferenciadas'"⁸

"Encol d'un mensaxe" fala tamén da realidade social e económica de Galiza en 1959. Ramón Otero Pedraio denuncia a emigración, a exportación da enerxía eléctrica e a falta de industrialización e conclúe: "Agora, a un centralismo político e cultural, engádese o centralismo industrial..." Aparece aquí Otero como unha persoa atenta á realidade social e económica de Galiza que analiza de xeito moi agudo o papel que no Plano de estabilidade do 1956 se lle asignaba á nosa nación e traza as liñas do carácter da nosa dependencia, introducindo o vector económico.

Ramón Otero Pedraio desde que abandonou a "súa pose diletante" non foi outra cousa que un militante nacionalista que "fixo de todo porque estaba todo por facer". Participou na organización do nacionalismo desde as Irmandades da Fala, na ING e xa por último no seo do Partido Galeguista. Nunca reduciu a súa pertenza ao nacionalismo ao papel de representante, ou cartaz electoral, ou deputado brillante. Viviu intensamente as súas coitas e conflitos, sendo decisiva a súa participación para desactivar a excisión deste pola dereita e para manter a súa



Grupo Brais Pinto, Madrid, 1958. Diante da casa (r. Ballesta, 13) en que viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía.

Ben-Cho-Shey, Fernández Ferreiro, Otero Pedraio, Bernardino Graña, Antón Arias, un directivo do Centro Galego e Leonardo Fernández Souto; Bautista Álvarez, Méndez Ferrín e Raimundo Patiño

⁸ Franco Grande, X. L.: *A ilusión da esperanza (de Cabanillas a Baixeras)*, Edicións do Cumio, Vilaboa, 1991



A Xeración do Seminario de Estudos Galegos que Otero prolongou coa súa actividade toda a súa vida

unidade en Ourense. Tiña claro xa daquela que a unidade do nacionalismo era un valor en si mesmo, e que o debate esquerda/dereita era unha escusa que agochaba a renuncia por parte do grupo fraccional (Risco, Filgueira...) ao proxecto do nacionalismo definido en Lugo e despois en Pontevedra.

A este traballo de organización nacionalista vai dedicar importantes esforzos tamén durante a ditadura contando coa axuda de antigos compañeiros como Ramón Cabanillas: "Hai moitas memorias distintas da tertulia do Lyon D'Or e traemos ao noso relato, para irille poñendo o ramo á crónica daquel faladoiro galego en Madrid, o dito polo profesor Xosé Luís Méndez Ferrín, que manexa a información de que a tertulia era moito máis que unha simple rolda de conversas amigábeis nun local de bebidas e que o rol de Cabanillas non foi só o dun velliño venerábel que sentaba na cabeceira daquel fato de contertulios: ¿En realidade Ramón Cabanillas limitábase a tomar café no Lyon D'Or? Non. Ramón Cabanillas era moi consciente de que había que reconstruír un núcleo democrático nacionalista e el estaba mans á obra facéndoo ós seus anos. Teño aquí un testemuño de Xavier Pousa, excelente pintor que todos vós coñecedes, que di así: "Ía pasar o Nadal (el dictoume e eu escribía, polo tanto pode ter erros; Xavier Pousa estaba estudiando Belas Artes en 1949-1950 en Madrid) a Goián e nun aparte, no Lyon D'Or, don Ramón Cabanillas pedíume que lle le-

vase unha carta a Otero Pedrayo pois que eu pensaba pasar por Ourense. Entregoume, moi cortesmente aberta, e eu fixen o que non debía, picado pola curiosidade. Abrin e lin a carta: tratábas dun informe detallado de tódolos asistentes habituais á tertulia do Lyon d'Or, incluído eu mesmo na perspectiva da reconstrución na ilegalidade do Partido Galeguista". Testemuño de Pousa".⁹ Outro tanto se deduce da correspondencia que mantén con Ben-Cho-Shey a quen xa en 1942 lle fala da necesidade de "poñer en marcha o negocio botando man de antigos accionistas" ou mesmamente de múltiples anécdotas como a relatada por Casares cando lembraba "a sorprendente resposta que por aqueles anos deu públicamente, co abraio dos propios amigos, no café Español a unha invitación oficial para pronunciar unha conferencia: "Antes tengo que consultar con el partido)".¹⁰

O artigo remata cun gran sentimento patriótico: "A Patria e inminente i-está por riba de todas elas. E nós sentímonos fondamente patriotas, sin que esto signifíque, claro esta, desentendernos dos arduos problemas políticos, económicos e sociaes que aflíxen á Patria". Otero Pedraio transmitiu o posicionamento do nacionalismo ao longo da súa vida cun labor de concienciación a través do coñecemento da historia.

Un dos aspectos de permanente disputa entre o grupo de Piñeiro e os exiliados centrábase na recuperación da memoria histórica do nacionalismo anterior ao 36 así como na posta en valor de todos aqueles patriotas que foran vítimas da barbarie franquista. A cuestión era fundamental de termos en conta que o piñeirismo precisaba facer táboa rasa da experiencia anterior para lexitimar o seu corpo doutrinal, confrontado co que fora elaborando o nacionalismo desde a asemblea

9 Rei, Luís: *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*, Galaxia, 2009

10 Carlos Casares: *Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1981

de Lugo. Este traballo de recuperación histórica vaino levar adiante en solitario en Galiza Ramón Vilar Ponte e Otero Pedraio, este último, a través de *O libro dos amigos*, publicado 1953.

A metade dos amigos mortos que aparecen no libro son figuras destacadas do nacionalismo como Antón Vilar Ponte, Lugrís Freire ou Lousada Diéguez, Peinador ou Cabeza de León. Asemade realiza unha lembranza emotiva dos mártires Ánxel Casal, Roberto Blanco Torres, Arturo Nogueurol, Víctor Casas, Alexandre Bóveda, a quen cita de xeito reiterado en *Vieiros*. A referencia máis senlleira dedicada a Castelao vai acompañada da pervivencia das súas ideas pois: "Ningún aire valente hai para matar isa chama. Cando foi o seu doloroso e confiado pasamento, entre amigos, un fondo silencio de orfandade fíxose na Galicia dista e da outra beira do mar. Como se non tivera endexamais feito dende a morte de Rosalía. O 7 de xaneiro do 1950 cingúese con 15 do Santiago do 1875 por un arco da vella formado polo sol da inmorren-te esperanza na orballeira de bágoas da Galicia... Gardo a derradeira carta escrita e non rematada da súa man. Está chea de baril alento. Gardo moitas cartas e o eco de moitas conversas. E con Castelao remata iste libro dos amigos, pequeneira colleita do que penso neles de cotío."¹¹

Ademais de pensar neles como afirma no libro tamén falaba deles. A pegada que Otero Pedraio deixa nas xeracións novas a partir dos anos 50 até a súa morte vai ser fundamental para coñeceren o nacionalismo galego e a figura de Castelao: "Non deixaba de ser curiosa esta actitude de don Ramón, que por aqueles anos non pronunciaba unha soa conferencia na que non aludise a Castelao. Lembro que nunha ocasión, por estes anos, Méndez Ferrín dixérame, ao rexistrar este feito, que don Ramón fixera a promesa de que, sempre que interviñese



nun acto público, falaría de Castelao. O certo é que así se producía don Ramón, dicindo sempre que el non era máis que unha ponte entre Castelao e a nova mocidade".¹² Moitos mozos incorporados á loita nacionalista na década dos 50 recordan como foi Otero o primeiro en trazar unha imaxe do de Rianxo que recollía a súa faciana política, lonxe daquel Castelao limitado que se explicaba en Xelmírez, 13.

Ramón Otero Pedraio desempeña non só un papel de símbolo do galeguismo senón que tamén vai colaborar coas novas xeracións que se sitúan fóra da influencia de Ramón Piñeiro e nas que confía pois ve neles un sentimento nacionalista.

Coñece e participa nos primeiros intentos de organización do nacionalismo a finais dos 50. É significativa a relación que mantén co grupo Brais Pinto pois: "Brais Pinto é a expresión dunha xeración que quer continuar co legado do Partido Galeguista, hipotecado polos dirixentes de Galaxia. Ao final, a súa actividade quedou limitada ao campo cultural onde destaca a posta en marcha dunha editorial de poesía, xénero literario que non cubría Galaxia. Ramón Otero Pedraio publicará nela a súa única antoloxía de poesías Bocarribeira. Otero Pedraio apadriñou esta aventura editorial e mantivo relacións cos nacionalistas madrileños nos anos sucesivos. Este

Vemos a Otero Pedraio intervindo no nacionalismo desde o primeiro até o último momento. En febreiro de 1922 celebrouse en Monforte a cuarta Asemblea Nacionalista de Galicia, que reuniu á maior parte dos dirixentes históricos do nacionalismo galego Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedraio, os irmáns Villar Ponte, Antón Losada Diéguez, Lois Peña Novo, o xornalista e escritor Roberto Blanco Torres e o poeta Manuel Antonio estiveron entre os máis célebres participantes na asemblea, entre numerosos militantes das Irmandades da Fala de toda Galicia. Na foto vémolos á dereita do seu amigo Roberto Blanco Torres, quen sería asasinado no 36

11 Otero Pedraio, Ramón: *O libro dos amigos*. Galaxia, 1997

12 Franco Grande, X. L.: *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Galaxia, Vigo, 2004



Foto de Otero presentándose á Cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela que gaña o 31 de marzo de 1950, con 62 anos. Logo do 36 tivo que comezar de novo a súa carreira académica e con todo, arrepujose a adversidade tal como comparte nas súas confidencias aos seus amigos como o galeguista Manuel García Barros a quen lle envía esta foto e lle comenta a súa experiencia nas oposicións á praza da Universidade, fronte a un tribunal hostil

feito non é unha casualidade, senón que é unha mostra da incomodidade coa que Ramón Otero Pedraio se atopaba diante da orientación que os de Galaxia lle imprimiran ao nacionalismo e do que dan conta diversos escritos do escritor de Trasalba".¹³

Brais Pintos significa unha posición clara contraria a Ramón Piñeiro ao que "nunha ocasión na Rosaleda, na casa de García Sabell, don Ramón -sen que me lembre agora da causa que xerou o seu xuízo-, ollando firmemente para Piñeiro e erguendo xuntos os índices das dúas mans, díxolle: "Porque todo filósofo oculta sempre un ditador". (...) entón, que quería dicir don Ramón? Honestamente, non o sei. Pero o certo é que non conxenaban moito(...)"¹⁴

A distancia con Piñeiro cada vez vai ser máis evidente. Nos anos 60 vai colaborar no número especial de *Signo* dedicado a Galiza, impulsado polo grupo da UPG de Madrid "Galicia hoy", ou en *Vieiros*, publicacións que están relacionadas cos nacionalistas de esquerdas que se enfrontaran a Piñeiro. A relación coas novas xeracións continúa nos 70. Moncho Reboiras e outros militantes da UPG teñen contacto con el: "El, ademais, tiña relación con Otero Pedrayo. Eu teño ido varias veces con el a casa de Otero Pedrayo. Moncho tiña moita admiración por Otero e á inversa. Otero era unha biblioteca ambulante, que contestaba a calquera pregunta sobre os clásicos galegos e tamén sobre os clásicos do marxismo, ou sobre calquera escritor. (...) As reunións con Otero eran a título particular e servíannos para buscar argumentos e coñecementos, mesmamente citas literarias, para defender as nosas ideas e posicións. Con Otero falamos de moitas cousas, a min foi a persoa

que máis me impresionou na vida. Era moi sinxelo, non como outros".¹⁵

Ramón Otero Pedraio influíu na xente nova e sentiase identificado con eles o que lle producía unha gran satisfacción: "Faime feliz a xente moza que me ven visitar a miúdo e na que vexo cómo viven e medran con novos pulos as vellas ideas que nós defendemos noutro tempo".¹⁶

Non deixa de sorprendere que a pesar da abondosa documentación existente se tente reducir a discrepancia entre Otero Pedraio e Piñeiro a unha falla de empatía, ou o que é o mesmo, reducir o que era unha absoluta discrepancia de criterios sobre o rumbo do que deron en chamar galeguismo a partir da década dos cincuenta a un simple choque de caracteres que impedía unha relación fluída.

Non fai falla botar man de informacións, nin tampouco das testemuñas que achegaron as persoas que viviron este período, abonda con reparar co que nos deixou escrito e coa práctica de Otero para concluír que neste caso as diverxencias que se pretenden resolver cun argumento tan terriblemente actual de limitar os conflitos ideolóxicos á falta de sintonía persoal.

Como mostra "Encol d'un mensaxe", onde á altura de 1959, o de Trasalba preséntasenos como un autodeterminista, que considera a Galiza como unha nación, que recoñece o papel reitor do Consello de Galiza e que expresa con claridade a súa oposición ao federalismo por ser antitético ao nacionalismo. Toda unha mensaxe nacionalista, nin máis nin menos, o que foi sempre Ramón Otero Pedraio ■

13 Xosé Ramón Ermida Meilán: "Brais Pinto, o Consello da Mocidade e a orixe da UPG: unha evolución discontínua", *Terra e tempo*, 145-146, 2008

14 Franco Grande, X. L.: *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Galaxia, Vigo, 2004

15 Fernández Rodríguez, Manuel: "Vida e morte pola liberación dun pobo" en *Moncho Reboiras. O nacionalismo galego nos anos 70*, Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, Santiago de Compostela, 2009

16 Freixanes, V.: *Unha ducia de galegos*, Galaxia, Vigo, 1976